

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 2 DE XUÑO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se modifica o Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a contratación dun sistema de produción dixital para a Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., por un importe total de doce millóns catrocentos setenta e seis mil cento oitenta e catro euros con sesenta e catro céntimos (12.476.184,64 €) (IVE excluído).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación Cetmar), para o financiamento do proxecto de aumento de fontes de ingresos sustentables para as comunidades rurais e áreas costeiras a través da consolidación da actividade acuícola e do reforzo da investigación pesqueira en Cabo Delgado, Mozambique, por importe de cento cinco mil cincocentos euros (105.500 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Trazo para a execución da actuación de abastecemento a Restande e Monzo, fase II, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de catrocentos quince mil euros (415.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, relativo á convocatoria dun concurso para o desenvolvemento dunha estratexia de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de Galicia, por un importe de cento sesenta e tres mil trescentos cincuenta euros (163.350 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Neda, situado nos concellos de Abadín e da Pastoriza (Lugo) e promovido pola sociedade Norvento, S.L. (LU-11/124-EOL).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor, polo importe máximo de noventa e nove mil novecentos sesenta e seis euros (99.966 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer—Aspace, para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Amencer e ao Centro de Educación Especial Princesa Letizia, polo importe máximo de cento once mil trescentos vinte e oito euros con noventa e cinco céntimos (111.328,95 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia Amicos, para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Amicos, polo importe máximo de oitenta e sete mil oitocentos trinta e cinco euros con trinta e dous céntimos (87.835,32 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Centro Especial de Emprego sen ánimo de lucro ASCM— Ferrolterra, S.L., para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado, asociado á entidade, a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de corenta e tres mil setecentos noventa e seis euros con dez céntimos (43.796,10 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Aspace, polo importe máximo de oitenta e tres mil setecentos trinta e cinco euros con corenta e nove céntimos (83.735,49 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado aos Centros de Educación Especial Aspanaes A Coruña, Aspanaes Duques de Lugo, Aspanaes Ferrol e Aspanaes As Pontes, polo importe máximo de douscentos sesenta e un mil oitocentos trinta e oito euros con corenta e catro céntimos (261.838,44 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Aspanaex, polo importe máximo de trinta e tres mil seiscientos setenta e nove euros con sesenta e cinco céntimos (33.679,65 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Ntra. Sra. de Lourdes, polo importe máximo de sesenta e tres mil doce euros con sesenta e seis céntimos (63.012,66 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o desprazamento

de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Ilustre Mestre, polo importe máximo de vinte e catro mil novecentos corenta euros con trinta e oito céntimos (24.940,38€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación BATA (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo), para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial BATA–Os Mecos, polo importe máximo de dez mil oitocentos noventa e tres euros con oitenta e sete céntimos (10.893,87 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Cruz Vermella Española, para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado a centros educativos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe máximo de cento setenta e dous mil cento sesenta e seis euros con vinte e cinco céntimos (172.166,25 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación BS A Esperanza do Val Miñor para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial Juan María, polo importe máximo de corenta e seis mil novecentos setenta e tres euros con cincuenta e cinco céntimos (46.973,55 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre o Convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Entidade Pública Empresarial Adif-Alta Velocidade, para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Santiago e o seu contorno urbano.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre lanzadeiras e obradoiros de emprego de Galicia.
- Informe sobre o concurso de ideas Industria 4.0.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia e se convocan para o ano 2016.

A XUNTA DE GALICIA MODIFICA O DECRETO DE PREZOS PÚBLICOS DAS PRESTACIÓNS DAS RESIDENCIAS DE TEMPO LIBRE PARA QUE O DESCONTO POR FAMILIA NUMEROSA SEXA COMPATIBLE CON OUTRAS DEDUCIÓNS

- ***Estas familias poderán acumular o desconto do 30% con outros como aqueles dos que se poden beneficiar os nenos e nenas de 2 a 12 anos, as persoas con discapacidade ou as maiores de 60 anos***
- ***Este cambio normativo responde á prioridade da Xunta de Galicia de executar políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se modifica o Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, que establece os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre. O obxectivo é incluír a posibilidade de que sexa compatible a aplicación do desconto por familia numerosa co resto dos descontos previstos.

No decreto 84/2012, actualmente en vigor, establécense os prezos públicos esixibles polas prestacións das residencias de tempo libre de Panxón (Pontevedra) e do Carballiño (Ourense), dependentes da Consellería de Política Social e que están especialmente indicadas para o gozo do tempo de lecer das familias. Os prezos están fixados fundamentalmente polas estadías e a mantenza das persoas residentes e do servizo de comedor para os visitantes. Tamén se inclúen descontos e recargas de prezos.

A prioridade da Xunta de Galicia de executar políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, especialmente para aqueles grupos de familias de especial consideración como son as familias numerosas, fai necesario modificar o réxime dos descontos establecidos no decreto para conseguir que os membros destas familias non queden en desvantaxe no eido económico, cultural e social, o que implica velar para que accedan nas máximas condicións de igualdade aos recursos de ocio e tempo libre.

A implementación da modificación do réxime de prezos públicos destas residencias suporá a aplicación de maiores descontos ás familias numerosas, que poderán acumular o desconto do 30% nestes prezos, actualmente previsto, con outros que tamén son aplicables: os destinados a nenos e nenas de entre 2 e 12 anos, para persoas con discapacidade, para persoas maiores de 60 anos, para grupos ou para mulleres vítimas de violencia de xénero.

A XUNTA DE GALICIA DÁ LUZ VERDE AO PLAN DE DIXITALIZACIÓN DOS SISTEMAS DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DA CRTVG

- *Trátase dun proxecto imprescindible para garantir a sustentabilidade da televisión pública galega e levará consigo un novo modelo produtivo e de organización*
- *A axilización e mellora da produción posibilitará producir un maior número de horas a un custo inferior, co que se propicia a produción de contidos de calidade que incrementen os niveis de audiencia*
- *A contía económica do actual proceso de dixitalización ascende a 12,5 millóns de euros, en sete anos.*

O Consello da Xunta de Galicia deu o visto e prace ao Plan de dixitalización dos sistemas de produción audiovisual da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, un proxecto de gran valor estratéxico para o ente público de radiotelevisión que adaptará os sistemas de produción de contidos e emisións actuais ás novas posibilidades que ofrece a tecnoloxía dixital.

O proxecto supón a implantación dun novo sistema que posibilite a clasificación clara e ordenada da información, unha mellor xestión dos contidos e a opción de novas vías de acceso e uso do material audiovisual. Neste sentido, trátase dun proxecto imprescindible para garantir a sustentabilidade da corporación no futuro e levará consigo un novo e mellor modelo produtivo e de organización.

O cadro de persoal da Corporación Radio e Televisión de Galicia ten o máximo protagonismo no proceso, xa que traballará con medios máis modernos, rápidos e que ofrecen maiores posibilidades, como intercambiar material audiovisual con outras televisións ou produtoras sen necesidade de adaptacións e reformateos ou evitando a manipulación e tráfico de fitas.

Ademais, este proceso de dixitalización da televisión pública galega terá un importante impacto sobre o sector audiovisual galego, que seguirá contando co seu principal dinamizador, porque sentará as bases do que será o futuro arquivo histórico audiovisual de Galicia.

En canto á función pública e o labor diario da CRTVG, o proxecto de dixitalización permitirá unha importante mellora na produtividade e competitividade. O cambio inevitable do modelo produtivo permitirá ampliar o número de canles e formatos nos que publicar o contido, achegará un importante plus de rendibilidade aos produtos audiovisuais e ampliará as posibilidades de chegar aos receptores. Desta forma, poderanse atender as demandas de consumo e elevar o nivel de competitividade da compañía.

Tras a implantación do proxecto de dixitalización, a CRTVG estará preparada para asumir con seguridade os futuros cambios tecnolóxicos que poidan producirse, adaptándose con axilidade a outras novas canles e formatos que xurdan e sexan demandados polos usuarios. Espérase que a implantación do proxecto de dixitalización tamén permita incrementar o índice de audiencias.

A axilización e mellora da produción posibilitará producir un maior número de horas a un custo inferior, co que se propicia a produción de contidos de calidade que incrementen os niveis de audiencia. Como consecuencia, obteranse maiores ingresos derivados da publicidade e do aforro nos custos de produción.

En canto ao custo, os compromisos de gasto derivados da execución do proxecto fórmulanse nun escenario de gasto plurianual a cinco anos desde que finalicen os traballos de instalación do sistema de produción dixital. A contía económica do actual proceso de dixitalización ascende a 12,5 millóns de euros. Hai que ter en conta que o 60% da produción actual de informativos da TVG xa se produce de forma dixital desde hai dous anos porque procede das delegacións do ente público.

No que respecta aos prazos de execución, o proceso de licitación pública abordarase no futuro inmediato. O proceso de instalación, posta en funcionamento e formación de usuarios estímase que se estenda aproximadamente un ano.

XUNTA E CETMAR COLABORAN PARA CONSOLIDAR A ACTIVIDADE ACUÍCOLA EN MOZAMBIQUE E REFORZAR A SÚA INVESTIGACIÓN PESQUEIRA

- *O Goberno galego achegará 105.500 euros a un proxecto de cooperación que contribuirá á loita contra a pobreza na provincia de Cabo Delgado*
- *O III Plan director da cooperación galega avoga pola especialización naqueles sectores en que conta con valor engadido e vantaxes comparativas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio entre a Vicepresidencia e a Fundación Cetmar para levar a cabo un proxecto de cooperación en materia pesqueira e acuícola en Mozambique, que contará cun orzamento de 105.500 euros.

O proxecto terá como obxectivo contribuír á loita contra a pobreza e mellorar as condicións de vida e seguridade alimentaria das comunidades rurais e áreas costeiras, a través do aumento das fontes de ingresos sustentables na provincia de Cabo Delgado, Mozambique.

Desde o ano 2012, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE vén apoiando diferentes proxectos en materia de pesca e acuicultura en Mozambique que son executados pola Fundación Cetmar.

Estas intervencións permitiron estreitar os lazos de traballo conxunto entre o Cetmar e as diferentes administracións pesqueiras mozambiqueñas, en especial co actual Instituto Nacional de Desenvolvemento de Pesca e Acuicultura (Idepa) e o Instituto Nacional de Investigación Pesqueira (IIP).

Froito da boa relación entre a Fundación Cetmar e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores, así como da experiencia do traballo conxunto con diferentes institucións en Mozambique, nos anos 2012, 2014 e 2015 desenvolvéronse proxectos de apoio e fortalecemento da acuicultura rural e das capacidades de investigación das súas institucións.

III Plan director da cooperación galega 2014-2017

O acordo pretende dar cumprimento aos compromisos do III Plan director da cooperación galega, que avoga pola especialización da cooperación galega naqueles sectores en que conta con valor engadido e vantaxes comparativas, como son a pesca e a acuicultura; e recolle que Mozambique é un dos dez países prioritarios da cooperación galega.

Así mesmo, tamén dá cumprimento ao Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2016, onde, entre outros asuntos, se sinala a necesidade de

potenciar a coordinación de actuacións entre os distintos departamentos da Xunta e se destaca a colaboración coa Fundación Cetmar para este tipo de actuacións.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 400.000 EUROS NAS OBRAS DE ABASTECIMENTO ÁS PARROQUIAS DE RESTANDE E MONZO, NO CONCELLO DE TRAZO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe esta actuación, que consistirá na execución de máis de 7 km de nova tubaxe*
- *Trátase da segunda fase de actuación, xa que en 2012 se executou a primeira fase das obras de abastecemento á parroquia de Castelo, por un importe de case 225.000 euros*
- *O obxectivo desta iniciativa é modernizar e facilitar o servizo de abastecemento a todos os galegos en igualdade de condicións*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio investirá un máximo de 415.000 euros nas obras de abastecemento ás parroquias de Restande e Monzo, no concello de Trazo.

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Trazo, que supón a segunda fase coa que se pretende dar servizo aos veciños de Monzo e completar o abastecemento na de Restande.

En concreto, estes traballos implicarán a execución de 7,6 kilómetros de nova tubaxe, xa que se dará servizo aos núcleos de Lestido, A Cariñeira, Outeiro, O Castro, A Pedregueira, O Barral, Pereiras, San Martiño e O Castro; ao tempo que se dá abastecemento a diversas granxas e explotacións agrarias con actividade na actualidade nestas dúas parroquias.

Con anterioridade, a Xunta de Galicia levou a cabo a execución da primeira fase das obras de abastecemento á parroquia de Castelo, xa que non dispoñía de rede de abastecemento e era necesario dotar deste servizo aos veciños dos núcleos da Castiñeira e A Garga e tamén as granxas. O importe destes traballos foi de case 225.000 euros.

Coa aprobación por parte do Consello da Xunta poderase asinar o convenio de colaboración, trámite necesario para avanzar na execución das obras. Dende a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio destácase que grazas a este tipo de colaboracións se garante o subministración de auga en calidade e cantidade á cidadanía e se dá cumprimento á Directiva marco da auga; colabórase coas entidades locais para mellorar a rede de abastecemento secundaria e garántese o abastecemento e a regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade coa realización das obras de infraestrutura necesaria, velando así mesmo polo seu consumo responsable e fomentado o seu aforro.

A XUNTA DE GALICIA DESENVOLVERÁ UNHA ESTRATEXIA SOBRE O EMPREGO DA COR E DOS MATERIAIS NAS EDIFICACIÓNS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co COAG, dotado con máis de 163.000 euros, que impulsará a redacción desta estratexia*
- *A finalidade é establecer os materiais e gamas ou paletas de cores máis recomendables en cada unha das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia*
- *Inicialmente, realizarase unha análise e diagnose previa, co obxectivo de elaborar unhas recomendacións que garantan a máxima integración das edificacións na contorna*
- *Procuraranse analoxías coa arquitectura popular galega, pero as propostas estarán abertas a novas achegas e contrastes harmónicos*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do Instituto do Estudos do Territorio (IET), colaborará co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) para deseñar unha estratexia sobre o emprego da cor e dos materiais nas edificacións das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración neste sentido, dotado con máis de 163.000 euros.

A finalidade da Estratexia de cor e materiais de Galicia é establecer unhas guías e directrices técnicas, científicas e obxectivas para a regulación do emprego da cor e dos materiais dos revestimentos arquitectónicos nas paisaxes urbanas, rururbanas e rurais. O obxectivo destas pautas é acadar unha integración paisaxística adecuada e contribuír así a unha mellora da calidade dos espazos públicos.

Deste xeito, definiranse os tipos de materiais máis recomendables para os diferentes elementos da construción, así como as gamas ou paletas de cores máis congruentes coa contorna en que se vaian empregar. Para conseguilo, inicialmente elaborárase unha análise e diagnose previa en cada unha das doce grandes áreas que establece o Catálogo das paisaxes de Galicia.

Ademais, este proxecto procurará analoxías coa arquitectura popular galega de cada zona, a partir das cores e materiais empregados historicamente, aínda que poderá propoñer novas cores e materiais que harmonicen coa paisaxe.

Todas as propostas que se recollerán neste documento terán un carácter orientativo e servirán de axuda para que os plans urbanísticos e instrumentos de ordenación poidan concretalas de forma máis detallada para ámbitos territoriais menores.

Para levar a cabo esta estratexia, convocarase un concurso por parte do COAG, que seleccionará seis equipos, e traballará cada un deles en dúas das doce grandes áreas paisaxísticas. A selección dos equipos levarase a cabo por un xurado conformado por membros do COAG e da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. O obxectivo é contar cun documento a finais deste mesmo ano.

Protección da paisaxe

Esta non é a primeira guía que se promove desde o Goberno galego para protexer a paisaxe galega. Cabe recordar que, como parte da Estratexia galega da Paisaxe, a Xunta de Galicia xa impulsou unha guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais; outra destinadas aos sistemas praia-duna; e outro documento para a elaboración de estudos de impacto e integración paisaxística.

Ademais, esta nova estratexia baséase nas unidades delimitadas no Catálogo das paisaxes de Galicia -que acaba de ser sometido ao procedemento de información pública- e constituirá un instrumento que complementará ás directrices da paisaxe, para as que actualmente se está levando a cabo un proceso de participación cidadá previo á súa elaboración.

A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE DO CONCURSO EÓLICO NOS CONCELLOS LUCENSES DE ABADÍN E A PASTORIZA

- *O eólico Neda, promovido por Norvento, suporá un investimento de máis de 39,6 millóns de euros*
- *Esta infraestrutura contará con 11 aerogeradores cunha potencia total de 33MW e unha capacidade de produción anual de preto de 125.000 MWh*
- *Con esta nova autorización, o concurso eólico suma 20 parques e 482 MW autorizados, cun investimento de máis de 612 millóns de euros*

A Xunta acaba de autorizar o Parque Eólico Neda, nos concellos lucenses de Abadín e A Pastoriza, promovido por Norvento. A infraestrutura, no marco do concurso eólico galego, suporá un investimento de máis de 39,6 millóns de euros e contará con 11 aerogeradores, que suman unha potencia total de 33 MW. Isto permitiralle alcanzar unha produción de enerxía anual estimada de arredor de 125.000 MWh.

Con este novo parque, o Goberno galego suma 20 parques do concurso aprobados, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondigo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo, Oulol, Tenzas do Aire, a primeira fase de Monte Arca, Cordal-Ousá, Orrea, Alto da Telleira, Campo Pequeño, Carracedo, Coto de Frades e Olerón, acadando un total de 482 MW e un investimento de máis de 612 millóns de euros.

Deste xeito, a Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Neste contexto, cabe sinalar que os plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar xa máis de 1.000 millóns de investimento na Comunidade e teñen permitido crear máis de 2.000 empregos directos.

Así mesmo, o Goberno galego ten moi en conta ás administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa 137 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto autorizado polo Consello da Xunta suporá unha importante fonte de financiamento para os concellos de Abadín e A Pastoriza, que poderán beneficiarse da recadación obtida do devandito canon.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN FACILITARÁ O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR ADAPTADO A 378 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á colaboración con asociacións especializadas na atención a estas persoas*
- *O investimento destinado a este fin será de preto de máis de 1 millón de euros*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará no vindeiro curso 2016/2017 o servizo de transporte adaptado a 378 alumnas e alumnos con discapacidades, ao abeiro da sinatura de addendas aos convenios de colaboración subscritos para o curso actual con asociacións especializadas na atención a estas persoas. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á citada sinatura destas addendas que suporán un investimento de 1.040.166,66 euros.

A colaboración acadada encádrase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente. Neste sentido, cómpre tamén sinalar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidades ten, ademais do transporte escolar, o comedor escolar, en canto ao aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

En concreto asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer–Aspace, coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia Amicos, co Centro Especial de Emprego sen ánimo de lucro ASCM–Ferroterra, S.L., coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña Aspanaes, coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación Autismo Ourense, coa Asociación BATA (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo), con Cruz Vermella Española e coa Asociación BS A Esperanza do Val Miñor.

Trátase de escolares con distintos tipos de discapacidades que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará

adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

Ao abeiro dos convenios, as ditas asociacións comprométense a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos. O servizo contará co apoio de 70 auxiliares

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO MINISTERIO DE FOMENTO E CO CONCELLO DE SANTIAGO PARA DESENVOLVER A ESTACIÓN INTERMODAL E A SÚA INTEGRACIÓN URBANA

- *O acordo impulsado polo Goberno galego establece o marco da colaboración para a construción dunha nova estación de autobuses xunto á de ferrocarril, ampliar esta e adecuala á alta velocidade, e conectar os barrios da cidade separados polas vías do tren*
- *O acordo garante a plena intermodalidade entre as distintas formas de transporte desde o primeiro momento*
- *A Xunta ten xa en marcha as actuacións que asume con este convenio e que consisten na redacción do proxecto e execución das obras da nova estación de autobuses e na contratación e execución das obras da pasarela que garantirá a permeabilidade entre barrios, que, ademais, cofinanciará nun 30%*
- *O Ministerio de Fomento, con Adif, adaptará de forma inmediata a terminal ferroviaria aos servizos da alta velocidade, redactará o proxecto da pasarela e cofinanciará nun 40% e executará a nova terminal ferroviaria, co obxectivo de ampliar a súa capacidade, cando se acaden os 3,5 millóns de viaxeiros anuais*
- *O Concello deberá adaptar o planeamento urbanístico e redactar o plan especial; poñer os terreos á disposición da Xunta para a construción da pasarela (que cofinanciará nun 30%) e a estación de autobuses e dotar esta dos accesos necesarios*
- *A Xunta poderá iniciar as obras da nova estación de autobuses o vindeiro ano sempre e cando o Concello teña posto os terreos á disposición e modificado o planeamento urbanístico*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración co Ministerio de Fomento e o seu organismo dependente, Adif, e o Concello de Santiago para desenvolver a estación intermodal da capital de Galicia e a súa integración urbana. O Goberno galego dá así cumprimento ao acordo pechado a semana pasada entre as tres administracións para iniciar a tramitación administrativa necesaria para rubricar o convenio neste mesmo mes de xuño.

Este convenio garante a plena intermodalidade entre as distintas formas de transporte desde o momento da execución das primeiras actuacións previstas.

O acordo impulsado polo Goberno galego establece o marco de colaboración para a construción dunha nova estación de autobuses ao carón da terminal ferroviaria, ampliar esta e adaptala aos servizos da alta velocidade, e conectar os barrios da cidade que actualmente se atopan separados polas vías do tren.

A través deste convenio, a Xunta, mediante a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, asume o deber de redactar o proxecto e executar as obras da estación de autobuses integrada na estación intermodal; contratar e executar as obras de mellora da permeabilidade transversal peonil da cidade no ámbito e financiarlas nun 30%; e estudar a posibilidade de modificar, por mutuo acordo, o contrato de xestión de servizo público da actual estación de autobuses co obxecto de que o actual concesionario Tussa explote a nova estación de autobuses.

O Ministerio de Fomento tramitará o estudo informativo da estación intermodal; aprobará o proxecto de delimitación e utilización de espazos ferroviarios; e Adif-Alta Velocidade deberá executar as obras de adaptación da estación de ferrocarril aos servizos de alta velocidade; redactar o proxecto das obras de mellora da permeabilidade transversal peonil da cidade no ámbito e financiar as obras nun 40%; transmitir ao Concello os terreos da súa titularidade necesarios para a execución da estación de autobuses, dos seus accesos e da mellora da permeabilidade transversal; redactar o anteproxecto da estación intermodal e os proxectos, ademais de executar a nova terminal ferroviaria, para incrementar a súa capacidade, cando se alcance a cifra de 3,5 millóns de viaxeiros anuais.

Así mesmo, o Concello de Santiago de Compostela terá que estudar a modificación das determinacións do PXOM no ámbito e redactar o plan especial; obter os solos necesarios para a execución da estación de autobuses, dos seus accesos e da mellora da permeabilidade transversal; transmitir, sen contraprestación económica, á Xunta os terreos para a estación de autobuses e poñelos á disposición do Goberno galego para as accións de mellora da permeabilidade transversal; redactar o proxecto e executar as obras dos accesos á estación de autobuses, financiar nun 30% as obras de mellora da permeabilidade transversal peonil da cidade no ámbito e asumir a titularidade, conservación e mantemento das infraestruturas e instalacións resultantes delas.

Ademais, deberá continuar, a través de Tussa, coa xestión da nova estación de autobuses en caso de poder modificarse o contrato de concesión da actual estación; facilitar as xestións urbanísticas necesarias para que a Xunta desenvolva a ampliación das súas instalacións na actual estación de autobuses; e realizar a reorganización do transporte urbano que garanta a conectividade da estación intermodal coa cidade.

Hai que ter en conta que as actuacións que lle corresponden á Xunta están xa en marcha, posto que actualmente está en redacción o proxecto construtivo da estación de autobuses, que estará concluído este ano. Dese xeito, o Goberno galego estará en disposición de iniciar as obras da nova terminal de autobuses o vindeiro ano, sempre e cando o Concello teña posto os terreos á disposición e modificado o planeamento urbanístico, ademais de dispor dun proxecto que garanta o acceso dos autobuses á terminal.

A XUNTA PON EN MARCHA 100 OBRADOIROS DE EMPREGO E 28 LANZADEIRAS PARA AMPLIAR AS OPORTUNIDADES LABORAIS DE 3.600 DESEMPREGADOS

- ***A Xunta amplía a dotación orzamentaria destes dous programas que ascenden a 21 millóns de euros***
- ***Os dous plans, que promoven e fomentan a colaboración cos concellos, inclúense na Axenda 20 para o Emprego e están centrados en mellorar a empregabilidade dos participantes a través da formación e o emprego***
- ***Os obradoiros inclúen unha liña específica para a inserción laboral dos menores de 30 anos e as lanzadeiras contan con itinerarios de formación personalizados***

A Xunta acaba de ampliar a dotación orzamentaria dos obradoiros e lanzadeiras de emprego para dar máis oportunidades laborais ás persoas sen emprego de Galicia. Deste xeito, a contía ascende a 21 millóns de euros, o que permitirá nas próximas semanas poñer en marcha 100 obradoiros e 28 lanzadeiras para ampliar as oportunidades laborais de preto de 3.600 persoas sen emprego.

Tanto os obradoiros como as lanzadeiras son programas que promoven e fomentan a colaboración cos concellos e están incluídos na Axenda 20 para o Emprego, a planificación do Goberno galego en materia laboral para impulsar o emprego estable e de calidade, e coa que se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10% coa creación de 100.000 novos empregos e a creación ou conversión de 50.000 contratos en indefinidos.

Dunha banda, a Consellería de Economía, Emprego e Industria destina máis de 18 millóns de euros aos obradoiros de emprego, incluíndo esta cantidade unha liña de apoio específica aos menores de 30 anos para mellorar a súa inserción laboral. Destes programas mixtos de formación e emprego, cos que se poden acceder aos certificados de profesionalidade, poderán beneficiarse preto de 2.000 desempregados.

Os obradoiros céntranse na realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten un traballo que, xunto coa formación profesional para o emprego, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral. Esta formación impulsa tamén o emprendemento, xa que os beneficiarios recibirán formación específica que lles permitirá iniciar os seus propios proxectos.

O 20 por cento dos participantes dos obradoiros son beneficiarios da Risga primaranse aqueles proxectos relacionados coa rehabilitación e mellora de infraestruturas públicas e de espazos ambientais. Cada proxecto ten unha duración de seis meses e alternará formación e práctica profesional, co obxectivo de mellorar a aprendizaxe, a cualificación e adquisición de experiencia profesional. Durante a duración de cada

obradoiro os seus beneficiarios estarán contratados pola entidade promotora na modalidade do contrato para a formación e aprendizaxe.

Con respecto aos obradoiros específicos para menores de 30 anos, é unha iniciativa que forma parte do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. As actividades que realicen os participantes estarán vinculadas coa titulación ou formación previa que posúan e terán que redundar na mellora do seu nivel de competencia profesional. O obxectivo de garantía xuvenil é incrementar as oportunidades de emprego dos menores de 30 anos e que os inscritos reciban unha oferta de traballo, de educación continua, de formación de aprendiz ou un período de prácticas tras acabar a educación formal ou quedar desempregados.

Formación personalizada

Por outro lado, as 28 lanzadeiras, que se desenvolverán a través dos programas integrados, inclúen itinerarios personalizados para mellorar a procura dun posto de traballo. Contarán con preto de 3 millóns de euros de orzamento para beneficiar a máis de 1.600 persoas. Esta actuación está enfocada á colaboración cos concellos co fin de que poidan mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral dos veciños desempregados.

A iniciativa ten como obxectivo o desenvolvemento de plans integrais que combinen accións de diversa natureza, como orientación e asesoramento, formación, prácticas laborais e mobilidade xeográfica. O programa establece uns obxectivos de inserción laboral dos traballadores que participan nel, tendo que acadar un emprego como mínimo o 25% dos participantes.

A estes dous programas de formación súmanse outras iniciativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria para mellorar a cualificación das persoas sen emprego como son os cursos que responden aos perfís profesionais que demandan as empresas e se levan a cabo en entidades acreditadas pola Xunta, nos centros de formación profesional e no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG). En global, a través destas actuacións, o Goberno galego destina 54 millóns de euros para desenvolver preto de 800 cursos, 100 obradoiros e 28 lanzadeiras, dos que se beneficiarán máis de 14.600 galegos e galegas.

A XUNTA MOBILIZARÁ 7,5 MILLÓNS EN PROXECTOS PILOTO DA INDUSTRIA 4.0 EN 38 EMPRESAS DE SECTORES ESTRATÉXICOS

- *O Goberno galego selecciona os proxectos presentados por Ceaga (automoción), o Clúster da Madeira, Clusaga (alimentación) e Asime (aeronáutico) ao concurso de ideas Industria 4.0 para implantar nas pemes galegas as tecnoloxías da fábrica intelixente*
- *Os proxectos van desde a implantación na automoción dunha liña de montaxe de compoñentes con instalación de contorno colaborativo home-máquina; así como a robotización dos procesos de serradura, carga, posicionamento, descarga e paletizado de madeira*
- *Tamén se desenvolverán tecnoloxías intelixentes na fuselaxe de avións; a obtención de imaxes termográficas mediante vehículos aéreos non tripulados ou a clasificación automatizada de froitos segundo a súa calidade interna mediante tecnoloxía infravermella*
- *Os proxectos comezarán a desenvolverse nas próximas semanas e se prolongarán durante un ano*

O Goberno galego seleccionou as catro iniciativas gañadoras do concurso de ideas Industria 4.0 que a Xunta puxo en marcha para apoiar proxectos piloto que permitisen implantar as tecnoloxías da fábrica intelixente nas pemes galegas. O concurso leva asociado un investimento público de 2,8 millóns de euros para mobilizar 7,5 millóns en apoio aos proxectos presentados por Ceaga (sector automoción), CMD (sector madeira), Clusaga (sector alimentario) e Asime (sector aeronáutico), nos cales participarán 38 empresas da comunidade.

O Consello da Xunta avaliou hoxe o resultado deste concurso, encadrado na Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0, e que contou coa participación no xurado de representantes do Igape, a Axencia Galega de Innovación, o Foro Económico de Galicia, o Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia e o Clúster TIC de Galicia.

No que se refire aos proxectos apoiados, que comezarán nas próximas semanas e se prolongarán durante un ano, na iniciativa presentada polo Clúster da Automoción (Ceaga), participan 12 pemes de Vigo e Ourense que cobren a cadea de valor na súa práctica totalidade e pertencen na súa maioría á industria auxiliar. Cinco das doce empresas que participan no proxecto teñen previsto executalo co apoio do CTAG en calidade de colaborador externo e nalgúns casos unha mesma empresa vai realizar a través deste proxecto investimentos en ata 10 tecnoloxías distintas. Algunhas das iniciativas máis salientables do proxecto son a instalación robotizada de inspección para o control de calidade por visión artificial de pezas fabricadas; a posta en marcha dunha liña de montaxe de compoñentes con instalación de contorno colaborativo home-máquina; a creación dun laboratorio para ensaios e probas de aplicación de

pintura sobre chapas, mediante o uso de pistolas aerográficas robotizadas; ou a adquisición de impresoras 3D para prototipos rápidos.

No que respecta ao proxecto impulsado polo Clúster da Madeira e do Deseño, participan 13 pemes da totalidade da cadea de valor: tanto da primeira e segunda transformación de madeira, como da remanufactura; os sistemas de xestión da produción e control de calidade de produto final, así como de inventario. A maior parte das empresas son da provincia da Coruña, pero tamén de Pontevedra e Lugo. O proxecto induce investimentos en todos os elos da cadea de valor, onde destacan actividades como a robotización dos procesos de serradura mediante sensorización e automatización do reaserradura; a utilización de sistemas ciberfísicos para a mellora das técnicas de serradura que posibilite o aproveitamento de madeira ancha con ferramentas de corte convencionais; a posta en marcha dunha liña completamente automatizada para a produción flexible de cadrado ou taco de pallet; a robotización de operacións de carga, posicionamento, descarga e paletizado de material; ou unha liña automatizada de ensamblaxe e empaquetado de portas.

Aeronáutico

Pola súa parte, no proxecto do eido aeronáutico liderado por Asime participan 11 empresas. Destacan investimentos para a creación dunha plataforma integrada de traballo para o sector aeronáutico, así como para o desenvolvemento de útiles intelixente e metodoloxías de traballo específicas para a mellora da mecanización de compostos para as partes inferiores das fuselaxes do avión; tamén se traballará na sensorización e calibre para a obtención de imaxes termográficas mediante vehículos aéreos non tripulados; na loxística 4.0 para a xeración dun almacén completamente automatizado e na adquisición de tecnoloxía para a impresión aditiva en 3D de prototipos.

Por último, na proposta de Clusaga participan tres pemes co obxectivo principal de incorporar, no sector alimentario e das bebidas, solucións intelixentes de novas tecnoloxías nos procesos de produción e envasado e no intercambio de información na cadea de valor. A través do proxecto abordaranse iniciativas coma a adquisición e monitorización dixital do proceso de envasado de viño; a clasificación automatizada de froitos segundo a súa calidade interna mediante tecnoloxía infravermella penetrante non destrutiva e a rastrexabilidade do produto interdepartamental e a través da cadea de valor.

O Goberno galego pon con este concurso en marcha unha nova ferramenta de apoio á implantación en Galicia da fábrica intelixente, unha meta para a cal a Xunta ten ademais activado iniciativas como varias unidades mixtas de investigación dedicadas á mellora dos procesos industriais en eidos como o conserveiro; a primeira Business Factory sectorial no eido da automoción xunto a PSA e Ceaga; poñendo novas

aceleradoras no rural, xunto á EOI; un plan de viveiros industriais; numerosas ferramentas de apoio financeiro no marco do programa Galicia 1.000; asesoramento e apoio, a través de medidas como o ReAccionaTIC para impulsar a conversión cara á fábrica intelixente, e un programa de venda de solo industrial grazas ao cal se porán en marcha investimentos de 320 millóns nos vindeiros anos, que suporán a creación de 10.000 postos de traballo.

A XUNTA DESTINARÁ 1,7 MILLÓNS DE EUROS Á NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA RESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DO VIÑEDO GALEGO

- *O DOG publicará en breve estas achegas, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga)*
- *Estas axudas aplicaranse ás superficies de viñedo da Comunidade Autónoma destinadas á produción de uva para vinificación, nas cales se leven a cabo tarefas de reconversión varietal, reimplantación de viñedos ou melloras das técnicas de xestión de viñedos*

O *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicará en breve unha nova convocatoria de axudas para a restruturación e reconversión da viña na nosa comunidade, cun orzamento de 1.750.000 euros, cofinanciados na súa totalidade polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga).

Estas axudas aplicaranse ás superficies de viñedo da Comunidade Autónoma destinadas á produción de uva para vinificación, nas cales se leven a cabo tarefas de reconversión varietal, reimplantación de viñedos ou melloras das técnicas de xestión de viñedos.

O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe sobre esta medida, que demostra a clara aposta da Xunta para acadar unha óptima ordenación do potencial vitícola e por mellorar a competitividade do sector.

No informe recóllese tamén que no período 2000-2015 se beneficiaron destas axudas un total de 9.300 viticultores e a superficie afectada foi de 4.131 hectáreas. Destináronse 60,6 millóns de euros a esta finalidade e a media de axuda por beneficiario foi de 6.524 euros.

Con esta orde de axudas perséguese acadar unha serie de obxectivos estratéxicos fixados na política de reestruturación de viñedos en Galicia. Entre eles están os reaxustes estruturais que fagan diminuír os custos de produción nas explotacións vitícolas onde predomina o minifundio. Tamén o de mellorar as técnicas de xestión dos viñedos e adaptar as explotacións ao mercado a través de melloras varietais, ao mesmo tempo que se preservan as variedades viníferas autóctonas de menores rendementos e de elevada calidade diferenciada, aproveitando deste xeito a gran vantaxe competitiva que supón a diferenciación nun mercado cada vez máis globalizado.

Búscase ademais o aumento da profesionalización dos nosos viticultores, ao mesmo tempo que se potencia a remuda xeracional facilitando o acceso ás explotacións á viticultores mozos.